



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es



Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste con motivo da organización da liga galega de Traíñeiras masculina e feminina da tempada 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Subdirectora xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte ten previsto formalizar coa Asociación Liga Noroeste o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de xuño de 2016 ata o 30 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A organización da Liga Galega de Traíñeiras masculina e feminina correspondente a tempada 2016.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Asociación Liga Noroeste organiza a Liga Galega de Traíñeiras masculina e feminina correspondente a tempada 2016 en colaboración cos clubs de remo participantes.

O procedemento de outorgamento directo da axuda á Asociación Liga Noroeste xustifícase pola imposibilidade de prover a concorrência dado que aquela é a





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es



responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas. Por outra banda, hai que salientar que este tipo de probas tan específicas non poden encadrarse nunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, dado que non é axeitado definir uns criterios xenéricos para a concesión de axudas a eventos e programas nunha mesma convocatoria mesturando actuacións de distinto tipo e envergadura, cada un dos cales responde a unhas necesidades diferentes e a unhas condicións específicas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a nove de decembro de 2016

